

Primaria 1º 2º

Áreas



EDUCACIÓN  
ARTÍSTICA



CIENCIAS  
NATURAIS




VALORES  
SOCIAIS  
E CÍVICOS

Invitación a crear

---

## Obxectivos, oportunidades, ideas e conceptos

- 1.** Coñecer que son os residuos. Identificar os diferentes tipos e a súa correcta separación.
- 2.** Lembrar a importancia da separación e a reciclaxe.
- 3.** Promover actitudes orientadas ao consumo responsable, a redución de residuos e a súa reciclaxe.
- 4.** Fomentar a reflexión persoal sobre os nosos hábitos relativos á reciclaxe.



Primaria 1º 2º

# Actividade 1

En clave de Re

## Invitación a crear


---

### ● Esta actividade é para...

Aprender a regra das 3 erres, como facer unha correcta separación dos envases para a súa reciclaxe e cal é a problemática ambiental derivada de non reciclar correctamente.

### ● Que necesitamos?

Envases de todo tipo que os alumnos traian das súas casas e esta ficha sobre “A regra das 3 erres”.



### ● Que imos facer?

Pensar entre todos que residuos xeramos en casa e na escola e de que están feitos (plástico, cartón...). Apoiándonos no cartel das “3 erres” repasaremos os conceptos e a importancia de reducir, reutilizar e reciclar.


A continuación, dividiremos a clase en 6 grupos e asignarémolles un dos envases que nos días previos os alumnos levaron á escola. Que acción propondes para reducirlo?, para reutilizalo?, e para reciclalo, que debemos facer?

Primaria 1º 2º

Actividade 1  
En clave de Re

## Invitación a crear


A REGRA DAS 3 ERRES



### Reducir

Evitar o consumo de todo o que xere algún desperdicio innecesario.

Utiliza un carro, facilita o transporte da compra a casa.



### Reutilizar


Dar máis uso aos obxectos antes de desfacerse deles.

Podes utilizar envases ou cartón para facer os teus propios xoguetes!

### Reciclar

Utilizar os mesmos materiais unha e outra vez, integrándoos noutro proceso natural ou industrial, para fabricar un novo produto.

Sabías que con 80 latas pódese facer unha lami de bicicleta?



### Seguimos?

Para poñer en práctica a "R" de reutilización, podemos realizar un taller de manualidades que logo quedarán expostas na aula. Para finalizar, podeades recompilar as ideas previas para compor unha canción que promova a separación e a reciclaxe e lembre as 3 erres.

Primaria 1º 2º

Actividade 2  
Ti si que pintas!

## Invitación a crear

---

### ● Esta actividade é para...

Coñecer os tipos de residuos. Aprender como facer unha correcta separación dos envases para a súa reciclaxe e boas prácticas.

### ● Que necesitamos?

Un computador, proxector e pantalla ou lousa dixital. Folios, cartolinas e pinturas.

### ● Que imos facer?

Ver o curto “**Basuria**”, no que uns nenos transforman a súa cidade construíndo instrumentos musicais a partir de residuos. Despois, recolleremos as ideas que xurdan para axudar a reciclar e animar ao resto da cidadanía a facelo.



### Seguimos?

Podedes facer un collage ou un mural con estas ideas. En grupos de 4, collede o material plástico da aula e... ao choio!